

Repaso acumulativo

1 En que se diferencian os alimentos dos nutrientes? Na seguinte lista, escribe no caderno un N de nutriente ou un A de alimento:

- Plátano: Proteína:
 Vitamina: Polo:
 Graxa: Arroz:
 Chícharos: Glúcidos:

2 Que seres vivos necesitan aparello dixestivo, as plantas ou os animais? Explica por que.

3 Copia a táboa no caderno e escribe os seguintes nomes de órganos na columna correspondente: cerebro, intestino, ril, pulmón, fígado, músculo, corazón, estómago, bronquios, óso, traquea, esófago, boca, vexiga urinaria, larinxe, farinx.

Aparello dixestivo	Aparello respiratorio	Outros aparellos
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

4 No aparello dixestivo díxírense os alimentos, é dicir, degrádanse ata convertelos en substancias que poden ser absorbidas no intestino. Isto realízase grazas aos zumes dixestivos. Relaciona os conceptos das dúas columnas, relativas aos zumes dixestivos e os órganos onde se producen.

Zumes dixestivos	Órgano que o produce
Saliva	Boca
Zume gástrico	Páncreas
Zume intestinal	Estómago
Bile	Intestino delgado
Zume pancreático	Fígado

5 A que parte do organismo van parar as substancias resultantes da dixestión? Onde van as substancias que non puideron ser dixeridas?

6 Que nome reciben os procesos polos que entra e sae aire dos pulmóns?

7 Observa a seguinte táboa de composición en gases do aire que entra e do que sae dos pulmóns. Copia a táboa no caderno, completa as cifras que faltan e escribe que columna se refire ao aire inspirado e cal ao aire expirado.

Gases	Aire	Aire
Nitróxeno	78%	78%
Osíxeno	<input type="text"/>	<input type="text"/>
Dióxido de carbono	0,03%	0,03%

8 Que gases dos que entran nos pulmóns son despois utilizados na respiración celular? Como chegan eses gases desde os pulmóns ata as células?

9 Que mecanismos temos para evitar que os microorganismos entren no corpo polo aparello dixestivo? Que medidas hixiénicas podemos adoptar para axudar a evitar as infeccións do aparello dixestivo?

10 Por que son tan frecuentes as infeccións no aparello respiratorio? Indica algúns exemplos.